

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de
Estatística do día 21 de decembro de 2012

31-204 Explotación do Rexistro de Gando Ovino e Cabrún

PROXECTO TÉCNICO

1. Normativa e organización

A regulación da identificación e o rexistro de animais ven establecida pola Directiva 92/102/CEE do Consello de 27 de novembro de 1992.

Esta directiva foi incorporada ao ordenamento xurídico español polo Real Decreto 205/1996 de 9 de febreiro polo que se establece un sistema de identificación e rexistro das especies bovina, porcina, ovina e caprina, obrigando a dispoñer de listas actualizadas das explotacións das citadas especies, onde se conteñan os seus datos básicos.

Por outra banda, a Lei 8/2003, de 24 de abril, de sanidade animal, establece, no apartado 1 do artículo 38, que todas as explotacións animais deben estar rexistradas na comunidade autónoma na que radiquen e os datos básicos destes rexistros serán incluídos nun rexistro nacional de carácter informativo.

Posteriormente, o Real Decreto 479/2004, que desenvolve regulamentariamente a lei anterior, establece e regula o *Registro General de Explotaciones Ganaderas* (REGA). Nel asúmense os rexistros previamente existentes (bovino, porcino, avicultura de posta e apicultura) e engádense á lista das especies que deben posuír un rexistro de explotacións o ovino, caprino, équidos, todas as aves de curral (galiñas, pavos, pintadas, patos, ocas, paspallás, pombas, faisáns, perdices e aves corredoras), cunicultura (coellos e lebres), especies peleteiras e especies cinexéticas de caza maior.

Neste Real Decreto establecece a estrutura e contidos básicos do *Registro General de Explotaciones Ganaderas*, así coma as obrigas dos titulares das explotacións en relación cos rexistros das autoridades competentes das comunidades autónomas, o código de identificación que estas deben asignar a cada explotación, así coma a relación dos citados rexistros co *Registro General de Explotaciones Ganaderas*.

O REGA está adscrito á *Dirección General de Ganadería* do *Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente* e incluírá os datos obrantes nos rexistros xestionados polos órganos competentes das comunidades autónomas.

O órgano encargado da creación, mantemento e explotación do REGA, na Comunidade Autónoma de Galicia é a Consellería do Medio Rural e do Mar, a través da súa Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

2. Unidades estatísticas

As unidades a investigar son as explotacións de gando ovino e cabrún existentes en Galicia, que teñan algún animal. Existen explotacións que só teñen gando ovino, outras con gando cabrún e outras con gando de ambas especies.

O ámbito xeográfico é a Comunidade Autónoma de Galicia e proporciónase información para Galicia, provincias, comarcas e concellos.

3. Variables

Os animais de ovino e cabrún clasifícanse en femias de muxidura, femias de non muxidura e outros ovinos-cabrúns.

A clasificación de femias en “muxidura” e “non muxidura” faise atendendo ao criterio de aptitude na explotación (leite/carne), independentemente do tipo de explotación.

O tipo de explotación establécese segundo o gando dominante na explotación, distinguindo entre explotacións de ovino, de cabrún ou mixtas.

Para cada explotación incluída no rexistro determinaranse as seguintes variables:

Parroquia: indica a parroquia na que se atopan as instalacións da explotación.

Concello: indica o concello no que se atopan as instalacións da explotación.

4. Procesamento de datos

A explotación do rexistro realizarase dende o Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatística e Publicacións da Consellería do Medio Rural e do Mar e os datos almacenaranse nunha base de datos en formato Access. A estrutura desta base de datos estará constituída polos seguintes campos:

Código de explotación

DNI/CIF titular

Nome e apelidos titular/Razón social

Provincia titular

Concello titular

Enderezo titular

Teléfono

Enderezo explotación

Parroquia explotación

Concello explotación

Ovellas

Carneiros

Cabras
Castróns
Coordenadas da explotación

A actualización realizarase anualmente, sendo a data de referencia o mes de novembro.

A depuración dos microdatos será manual, cotexando a información coa do ano anterior e revisando aqueles casos nos que se atopen discrepancias importantes. Neses casos, de ser necesario, contactarase co titular da explotación para facer a comprobación pertinente.

Como non se prevé a ausencia de datos, non se considera necesario realizar ningún tipo de imputación.

5. Deseño da explotación de datos do rexistro

As variables a presentar como resultado da explotación serán as seguintes:

Explotacións: representa todas aquelas explotacións de gando ovino e cabrún dadas de alta e con algún efectivo no momento da extracción dos datos.

Número de ovellas: representa o número de femias de raza ovina maiores de 12 meses de idade e que continuarán a súa vida como reprodutoras na explotación.

Número de carneiros: representa o número de machos de raza ovina maiores de 12 meses de idade e que continuarán a súa vida como sementais na explotación.

Número de cabras: representa o número de femias de raza caprina maiores de 12 meses de idade e que continuarán a súa vida como reprodutoras na explotación.

Número de castróns: representa o número de machos de raza caprina maiores de 12 meses de idade e que continuarán a súa vida como sementais na explotación.

Os datos presentaranse agrupados a catro niveis: provincial, comarcal, municipal e parroquial.

Para cada un deses niveis obterase a seguinte información:

- ✓ Número total de ovellas
- ✓ Número total de carneiros
- ✓ Número total de cabras
- ✓ Número total de castróns
- ✓ Número de explotacións totais
- ✓ Número de explotacións de ovino
- ✓ Número de explotacións de caprino
- ✓ Número de explotacións mixtas

Deste xeito terase unha idea clara da distribución xeográfica das diferentes explotacións existentes.

Neste caso os datos que se faciliten serán sempre definitivos, no procede a obtención de datos avance nin provisionais.

6. Presentación de resultados

Na páxina web preséntase a seguinte información:

- Número de explotacións con ovellas, número de explotacións con cabras, número de explotacións mixtas, número total de ovinos e número total de cabrúns para Galicia e provincias.
- Número de explotacións e número total de cabezas de ovino-cabrún, según o tipo de estrato, para Galicia e provincias. Os estratos agrupan as explotacións según o número de animais existentes nas mesmas, resultando 5 estratos definidos polos seguintes intervalos:
 - < 10
 - 10 a 49
 - 50 a 99
 - 100 a 249
 - > 249

ANEXO I: Formulario de inscripción



ANEXO I

PROCEDIMIENTO INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE EXPLOTACIÓN AGRARIAS DE GALICIA (REAGA)	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO MR408B	DOCUMENTO DE SOLICITUDE REAGA <input type="checkbox"/> ALTA <input type="checkbox"/> BAIXA <input type="checkbox"/> MODIFICACIÓN	CATÁLOGO PRIORITARIAS <input type="checkbox"/> ALTA <input type="checkbox"/> BAIXA <input type="checkbox"/> MODIFICACIÓN
--	---	--	---

1. DATOS DA EXPLOTACIÓN

CIA FRA. <input type="text"/>	OFICINA AGRARIA COMARCAL <input type="text"/>	CÓDIGO DDE <input type="text"/>
LOCALIZACIÓN XEORÁFICA LONGITUDE: <input type="text"/> UTM (WGS 84) LATITUDE: <input type="text"/> LONGITUDE: <input type="text"/> QMS LATITUDE: <input type="text"/>		
ENDERZO (LUGAR / RÍA) <input type="text"/>	PARROQUIA <input type="text"/>	
PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>

2. PERSOA TITULAR DA EXPLOTACIÓN

TIPO 1 <input type="text"/>	CLASE 1 <input type="text"/>	DATA NACIMENTO / COBITACIÓN <input type="text"/>
DATA 1ª INSTALACIÓN <input type="text"/>	NO CASO DE ENTIDADES XERÉDCAS: Nº DE SOCIOS <input type="text"/>	Nº DE SOCIOS AD <input type="text"/>
APELLIDOS E NOME / RAZÓN SOCIAL <input type="text"/>		NIF / CIF <input type="text"/>
NIF 888 <input type="text"/>	TIPO 2 <input type="text"/>	CAPACITACIÓN PROFESIONAL 2 <input type="text"/>
ENDERZO (LUGAR / RÍA) <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>
PARROQUIA <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>
	FAX <input type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>

3. PERSOA : CÓNJUXE COITULAR REPRESENTANTE

APELLIDOS E NOME <input type="text"/>	NIF <input type="text"/>	NIF 888 <input type="text"/>
TIPO 1 <input type="text"/>	SOLICITA A ALTA COMO COITULAR DA EXPLOTACIÓN <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	DATA DE ALTA COMO COITULAR DA EXPLOTACIÓN <input type="text"/>

4. OUTROS DATOS DA EXPLOTACIÓN

ORIENTACIÓN PRODUCTIVAS	Clase e concepto (ver planificación)	Unidades / Cabezas	Cota / Dereitos
	1	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	2	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	3	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO DDE <input type="text"/>	MODALIDADE DE ACCESO AO CATÁLOGO 3 <input type="text"/>		

5. TIPO DE PRODUCCIÓN

- 1. Producción ecolóxica.
- 2. Producción integrada.
- 3. Producción convencional.
- 4. Autoconsumo.

6. RÉXIME DE TENZA DA TERRA

- | | | |
|-------------|----------------------|-----|
| Propiedade | <input type="text"/> | ha. |
| Arendamento | <input type="text"/> | ha. |
| Comunal | <input type="text"/> | ha. |
| Outras | <input type="text"/> | ha. |

7. MAN DE OBRA (UTA)

- | | |
|--------------------------|----------------------|
| Propia: | <input type="text"/> |
| Tributiva | <input type="text"/> |
| Familiares/socios | <input type="text"/> |
| Asalariada: | <input type="text"/> |
| Fixa | <input type="text"/> |
| Eventual | <input type="text"/> |
| Total man de obra | <input type="text"/> |

Observación: (outras CEAS e vínculos, código EBGA, ...)

8. OUTROS DATOS DA EXPLOTACIÓN (CONTINUACIÓN) * no caso de explotación gandeiras acompañarase sacro complementario

8.1. DEDICACIÓN DA TERRA				8.3. GANDO			
CLAVE	CONCEPTO	HECTÁREAS		CLAVE	CONCEPTO	UNIDADES	
01	<input type="checkbox"/> Millo			44	<input type="checkbox"/> Vacas leite		
02	<input type="checkbox"/> Cultivos forrageiros			45	<input type="checkbox"/> Xovencas leite		
03	<input type="checkbox"/> Pradaria artificial			46	<input type="checkbox"/> Vacas carne		
04	<input type="checkbox"/> Pradaria natural			47	<input type="checkbox"/> Xovencas carne		
05	<input type="checkbox"/> Pasteiros			48	<input type="checkbox"/> Xatos cebs		
06	<input type="checkbox"/> Patata			49	<input type="checkbox"/> Ovellas		
07	<input type="checkbox"/> Amorodo			50	<input type="checkbox"/> Cabras		
08	<input type="checkbox"/> Kiwi			51	<input type="checkbox"/> Eguas		
09	<input type="checkbox"/> Outras froiteiras			52	<input type="checkbox"/> Visóns famias		
10	<input type="checkbox"/> Hortaliñas aire libre			53	<input type="checkbox"/> Coelhas		
11	<input type="checkbox"/> Flor aire libre			54	<input type="checkbox"/> Euxames		
12	<input type="checkbox"/> Invernadoiro flor			55	<input type="checkbox"/> Porcos nai		
13	<input type="checkbox"/> Invernadoiro hortaliña			56	<input type="checkbox"/> Porcos cebs		
14	<input type="checkbox"/> Viveiros			58	<input type="checkbox"/> Aves de carne		
15	<input type="checkbox"/> Vides preferente			59	<input type="checkbox"/> Podadoras		
16	<input type="checkbox"/> Vides non preferente				<input type="checkbox"/>		
	<input type="checkbox"/>				<input type="checkbox"/>		
	<input type="checkbox"/>				<input type="checkbox"/>		
	<input type="checkbox"/>				<input type="checkbox"/>		
20	S.A.U. TOTAL			8.4. INSTALACIÓNS			
21	<input type="checkbox"/> Monte baixo			CLAVE	CONCEPTO	Uds. / Superf. / Volume	ANO
22	<input type="checkbox"/> Monte alto			32	<input type="checkbox"/> Tanque frío		
23	<input type="checkbox"/> Forestal			33	<input type="checkbox"/> Muxidura en sala		
24	SUPERFICIE TOTAL			34	<input type="checkbox"/> Muxidura en praza		
8.2. MAQUINARIA				61	<input type="checkbox"/> m ² recría xovencas		
CLAVE	CONCEPTO	UNIDADES	ANO	64	<input type="checkbox"/> m ² patio exercicio		
25	<input type="checkbox"/> Tractor < 40 CV			65	<input type="checkbox"/> m ² sala muxidura		
26	<input type="checkbox"/> Tractor > = 40 CV			66	<input type="checkbox"/> m ² leiteira		
27	<input type="checkbox"/> Collektadora forraseira			68	<input type="checkbox"/> m ² curro		
28	<input type="checkbox"/> Empacadora			69	<input type="checkbox"/> m ² cebo xatos		
29	<input type="checkbox"/> Motosegadora			70	<input type="checkbox"/> m ² invernaoires		
30	<input type="checkbox"/> Autocargador			71	<input type="checkbox"/> m ³ silo		
31	<input type="checkbox"/> Cisterna xurro			73	<input type="checkbox"/> m ³ fosa xurro		
35	<input type="checkbox"/> Remolque			74	<input type="checkbox"/> m ³ almacen		
37	<input type="checkbox"/> Fertilizadora			75	<input type="checkbox"/> ml cerca fixa		
38	<input type="checkbox"/> Sementadora			76	<input type="checkbox"/> ml cemento		
39	<input type="checkbox"/> Segadora rotativa			81	<input type="checkbox"/> outras instalacións		
40	<input type="checkbox"/> Outras máquinas			82	<input type="checkbox"/> m ² nave industrial		
41	<input type="checkbox"/> Arrincadora de patacas			84	<input type="checkbox"/> m ² construc. vacas leite		
42	<input type="checkbox"/> Angazo mecánico de herba			85	<input type="checkbox"/> m ² construc. vacas carne		
43	<input type="checkbox"/> Sementadora de patacas			86	<input type="checkbox"/> m ² construc. porcino		
	<input type="checkbox"/>			87	<input type="checkbox"/> m ² construc. coellos		
	<input type="checkbox"/>			89	<input type="checkbox"/> m ² construc. visóns		
	<input type="checkbox"/>				<input type="checkbox"/>		
	<input type="checkbox"/>				<input type="checkbox"/>		

9. ÍNDICE DA RENDA UNITARIA DE TRABALLO E RENDA DE REFERENCIA (no caso de explotación prioritaria)

Renda de referencia para o ano 20

Renda unitaria de traballo = $\frac{\text{Marxe neta} + \text{salarios}}{\text{UTA}}$ =

Renda unitaria de traballo =
Renda de referencia =

10. DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN

Copia cotexada do NIF da persoa titular / cotitular / socios / UTAS (único documento para presentar no caso de autoconsumo).

Copia cotexada do CIF.

Informe/s da Tesouraría da Seguridade Social sobre afiliación, tipo de rexime e períodos de alta (informes de vida laboral) da persoa titular / cotitular / socios agricultores profesionais / outras UTAS.

Copia/s cotexada/s da/s declaración/s do IRPF dos anos

Alta na actividade agraria no Ministerio de Economía e Facenda (modelo 036-037).

Xustificante da capacitación profesional

Copia cotexada do documento de constitución/acta fundacional e estatutos.

Certificación do número de socios.

Anexo complementario no caso de explotacións gandeiras.

Referencias Sixpac das parcelas da explotación.

11. COMPROMISOS

Comprométeme a comunicarlle a Consellería do Medio Rural os cambios que se poidan producir na explotación tanto a nivel do Ranga como a nivel da cualificación da explotación como prioritaria (de acordo coa sección 3ª da Orde do de 2009, pola que se establecen disposicións para a xestión do Ranga, e para a cualificación e acreditación das explotacións agrarias prioritarias).

12. FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE

Solicito que no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, se realice/n a/s actuación/s indicada/s e declaro baixo a miña responsabilidade, que todos os datos que anteceden son certos, comprometéndome a cumprir os requisitos establecidos pola normativa de aplicación, así como aceptar, se é o caso, as verificacións que procedan.

Que de conformidade co previsto no artigo 20.3ª da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa presentación desta solicitude queda autorizada a D.X. de Estruturas e Infraestruturas Agrarias para solicitar os certificados que deberán emitir a Administración Tributaria e a Seguridade Social.

13. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Decreto 253/2008, do 30 de outubro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.
- Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.
- Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.
- Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.
- Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordeación das explotacións porcinas.
- Real decreto 1084/2005, do 16 de setembro, de ordeación da avicultura de carne.
- Real decreto 372/2003, do 28 de marzo, polo que se establece e se regula o Rexistro Xeral de Establecemento de Galinhas Poñedoras.
- Real decreto 1547/2004, do 25 de xuño, polo que se establecen normas de ordeación das explotacións cunícolas.
- Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordeación das explotacións apícolas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un fichero para o seu tratamento con finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do fichero.

<p>LEGISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se establecen disposicións para a xestión do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, creado polo Decreto 253/2008, do 30 de outubro, e para a cualificación e acreditación das explotacións agrarias prioritarias.</i></p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <table border="1"> <tr> <td data-bbox="845 1518 1117 1668">RECIBIDO</td> <td data-bbox="1117 1518 1294 1568">NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td data-bbox="845 1668 1117 1724">REVISADO E CONFORME</td> <td data-bbox="1117 1568 1294 1612">DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td></td> <td data-bbox="1117 1612 1294 1657">DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td></td> <td data-bbox="1117 1657 1294 1702">DATA DE SAÍDA</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA		DATA DE EFECTOS		DATA DE SAÍDA
RECIBIDO		NÚMERO DE EXPEDIENTE							
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA								
	DATA DE EFECTOS								
	DATA DE SAÍDA								
<p>SENADORA DO/A SOLICITANTE OU PESSOA QUE O REPRESENTA</p> <p>En <input type="text"/> o <input type="text"/></p> <p>Conseilleiro do Medio Rural</p>									